



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE MAIO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de maio de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado seis de maio de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE PARCELACIÓN NON UBANÍSTICA OU DIVISIÓN  
RIB/C/38/13.-**

Visto o escrito de Dona M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez Fernández, onde solicita Licenza de agrupación e parcelación de fincas, na Estrada Antiga N-120 nº 68, 70 e 72, en Valdepereira – San Paio, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 10 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“As parcelas cumpren ós parámetros mínimos urbanísticos. Polo que se informa favorablemente á concesión da Licenza de Agrupación e Parcelación, por entender que as parcelas resultantes cumpren as condicións da normativa urbanística municipal así como do fixado na Sección 4.ª Parcelacións da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”*

Visto o Informe Xurídico de data 10 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Considero que non nos atopamos ante unha parcelación urbanística senón ante unha agregación de fincas con posterior división ou segregación das mesmas.”*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de parcelación non urbanística ou de división a Dona M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez Fernández, para finca sita na Estrada Antiga N-120 nº 68, 70 e 72, en Valdepereira – San paio, co seguinte grado de detalle:

*“Na actualidade hai tres parcelas: a parcela con referencia catastral nº 2941607NG7824S0001EQ ten unha superficie total de 1.783,00 m<sup>2</sup>, dos cales 186,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e tres galpóns; a parcela con referencia catastral nº 2941606NG7824S0001JQ ten unha superficie de 1.500,00 m<sup>2</sup>, dos cales 205,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e por un galpón; e a parcela con referencia catastral nº 2941605NG7824S0001IQ ten unha superficie total de 217 m<sup>2</sup>, e non conta con construcións.*

*Como resultado da agrupación das tres parcelas antes descritas quedaría unha parcela matriz de superficie total 3.500 m<sup>2</sup>, que contaría con dúas vivendas e catro galpóns. Dita parcela matriz subdivídese en dúas parcelas, con fachada principal ao vial público, ditas parcelas resultantes son as seguintes:*

|                             | <i>SUPERFICIE TOTAL</i>    | <i>FONDO NETO</i> | <i>FRONTE DE FACHADA</i> |
|-----------------------------|----------------------------|-------------------|--------------------------|
| <i>PARCELA RESULTANTE A</i> | <i>1.889 m<sup>2</sup></i> | <i>64,00 m</i>    | <i>22,31 m</i>           |
| <i>PARCELA RESULTANTE B</i> | <i>1.611 m<sup>2</sup></i> | <i>58,12 m</i>    | <i>20,77 m</i>           |

*A parcela resultante A, ten unha superficie total de solo de 1.889 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 338 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón nº 1 de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón nº 2 de 20 m<sup>2</sup> de superficie construída, e un galpón nº 3 de 16 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.*

*A parcela resultante B, ten unha superficie total de solo de 1.611 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 378 m<sup>2</sup> de superficie construída e un galpón de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.”*

#### **OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/N/23.1/13. -**

Visto o escrito presentado por **Don Alfonso Pérez Soto**, onde solicita Licenza de Obras para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar, según Proxecto Básico e de execución redactado polo Arquitecto Don José Benito Dávila Fuertes.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 10 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*“En base a todo ó exposto anteriormente, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debéndose cumprir o sinalado no presente Informe: Deberá, por tanto, realizarse a limpeza dos paramentos de pedra e o acabado en pintura dos paramentos enfoscados de todas as fachadas. Na execución das obras, realizaranse probas de cor dos paramentos de fachada, que deberán ser aprobadas por este Departamento Urbanístico. Así mesmo, eliminarase o caixeadado da parte inferior da baixante, na fachada principal, e colocarse unha protección de elementos de fundición.”*

Visto o informe xurídico de data 10 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Considero que non nos atopamos ante unha parcelación urbanística senón ante unha agregación de fincas con posterior división ou segregación das mesmas.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de obras a **Don Alfonso Pérez Soto**, para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar, na Rúa Lucia nº 20, (Ref. Catastral 96119/04), en Francelos.

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

## 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** substitución de cuberta de vivenda unifamiliar.

**Contía na que se orzan as obras:** 39.990,96 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Lucia nº 20, Francelos.

**Redactor do Proxecto:** Don José Benito Dávila Fuertes.

**Dirección da execución das obras:** Don José Benito Dávila Fuertes.

**Nome ou razón social do promotor:** Don Alfonso Pérez Soto.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 19/02/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 740,47 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 39.990,96 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 299,29 euros.

|  |                 |          |
|--|-----------------|----------|
| Importe execución material / coste da obra:            | 39.990,96 €     |          |
| Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€): | 1.039,76 €      |          |
| Aboado por autoliquidación:                            | 740,47 €        | 19-02-13 |
| Cantidade que deberá aboar adicionalmente:             | <b>299,29 €</b> |          |

## Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**
  - Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.
  - Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.
  - Manterase en todo momento a limpeza do vial público.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 30 de abril de 2013:
  - *Deberá, por tanto, realizarse a limpeza dos paramentos de pedra e o acabado en pintura dos paramentos enfoscados de todas as fachadas.*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*Na execución das obras, realizaranse **probas de cor** dos paramentos de fachada, que deberán ser aprobadas por este Departamento Urbanístico. Así mesmo, **eliminarase o caixeadado da parte inferior da baixante, na fachada principal, e colocarse unha protección de elementos de fundición.***

- *Antes do Inicio das Obras deberá presentarse o Oficio de Técnico de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde; así como unha copia do "Proxecto Básico e de Execución para a substitución da cuberta dunha vivenda unifamiliar".*

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación de veciños de Santo Andre de Camporredondo, con data RE 16 de abril de 2013 N° RE 2102, relativo a camiño defectuoso e solicitude de arranxo polo concello.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado do Contencios Administrativo nº2, con data RE 13 de maio de 2013 N° RE 2296, relativo execución definitiva de títulos xudiciais nº 28/2013A.
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 09 de maio de 2013 N° RE 2357, relativa a adhesión o servizo provincial de animais abandonados.
3. Comunicación da Delegación do Goberno, con data RE 09 de maio de 2013 N° RE 2358, relativa a PXOM.
4. Comunicación da Consellería de Presidencia, con data RE 08 de maio de 2013 N° RE 2342, relativa a denegación da consideración da Noite Meiga como festa de interese turístico.
5. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, con data RE 06 de maio de 2013 N° RE 2295, relativa a documentación a enviar para a reapertura de piscinas municipais.
6. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, con data RE 07 de maio de 2013 N° RE 2314, relativa a Convenio de Colaboración coa empresa Ecovidro.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

Visto o escrito presentado en data de 17 de xaneiro de 2013 presentado por Don Jerónimo Docampo Martínez, reativo a devolución de aval presentado para responder de obras realizadas para a apertura de nova rúa.

Visto o informe técnico de data 07 de maio de 2013.

Visto o informe xurídico de data 10 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Proceder a devolución do aval solicitado dado o tempo transcorrido por importe de 36.951,56 euros

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Abril 2013, por importe de 1.032 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

### **CERTIFICACIÓN N°2 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACION DA AREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL”.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación n° 2 da obra denominada “Rehabilitación da area recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Escudeiro Rossignou, executado pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., por un importe total de 11.657,52 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación n° 2, anteriormente indicada por importe de 11.657,52 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Ribadavia.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñeira S.L., co n° 13009 , de data 13.05.13, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.”

Consta informe de Intervención de data 06.05.2013.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



